




PERSOAS CON AUTISMO

AUTISMO GALICIA

UN MUNDO DE POSIBILIDADES





MAREMAGNUM

AG AUTISMO GALICIA

Nº 12. Ano 2008
Número Ordinario
galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez
Enma Cuesta Fernández
Susana Rodríguez Blanco
Estrela Vázquez Allegue
Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Xabier Ron Fernández, M^a do Carme Bugallo Mariño e
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Ilustración portada

Bernardo Tejeda


Edita


AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo
15703 Santiago de Compostela
Tfno. 34 981 589365
Fax 34 981 589344
Móvil: 670 797656
E-mail: info@autismogalicia.org
www.autismogalicia.org
I.S.S.N. 1698-5966
Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Comercial Gráfica Nós. Príncipe, 22 baixo - Vigo





Sumario

5

Editorial

PERSOAS CON AUTISMO. UN MUNDO DE POSIBILIDADES

7

DIA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO

Cipriano Luís Jiménez Casas

15

COGNICIÓN SOCIAL EN HUMANOS

Christopher D. Frith e Uta Frith

37

AUTISMO E VACINAS

Éric Fombonne

51

LECCIÓN DE SÍNDROMES PRÓXIMAS AO AUTISMO

Michelle Zappella

69

CENTRO CASTELLO. UN PROGRAMA EDUCATIVO INTEGRAL


“UN XEITO DIFERENTE DE APRENDER IMPLICA UN XEITO
DIFERENTE DE ENSINAR!!

Edna García de Martínez

75

OS/AS ALUMNOS/AS CON TRASTORNOS XENERALIZADOS DO
DESENVOLVEMENTO. SITUACIÓN EN GALICIA

A. Martínez Díaz, M. Tiemblo Marsal, A. Rodríguez Díaz, Berta Mejjide Rico,
A. V. Gómez Soler, C. L. Jiménez Casas



85



OS SÍMBOLOS NACIONAIS DE EUSKADI, CATALUÑA E GALICIA


Ramón Villares

95

O CONCEPTO DE FRONTEIRA: IDEOLOXÍA E PERFORMANCE NAS
CANTIGAS DE SANTA MARÍA

Xosé Ramón Pena





AUTISMO E VACINAS

Éric Fombonne*

Cátedra de investigación en Pedopsiquiatría de Canadá

RESUMO

Este artigo trata de aclarar o posible rol etiolóxico de certas vacinas na aparición do autismo. O autor parte de dúas hipóteses completamente separadas. A primeira postula a existencia dun aumento do risco de autismo despois da triple vacina “xarampón, parotidite, rubéola”. A segunda hipótese postula que os nenos, en razón do calendario de vacinación, se expoñen a cantidades excesivas de “tiomersal”, un produto que contén ao redor dun 50% de mercurio baixo a forma de etilmercurio e que se emprega para estabilizar os preparados das vacinas dende 1930.

*O autor é profesor de psiquiatría e epidemiólogo. Dirixe a división de psiquiatría infantil na McGill University en Canadá e o departamento de psiquiatría no Montreal Children’s Hospital, onde foi clave en materia de autismo. É membro da Canada Research en psiquiatría infantil. A súa investigación céntrase nas investigacións epidemiolóxicas da nenez, a enfermidade mental e os factores relacionados de risco, así como na epidemioloxía do autismo.

É membro permanente do National Institute of Mental Health (NIMH) e foi designado ao National Institute of Health (NIH) na xunta consultiva para programas de investigación do autismo. En outubro de 2002 chegou a ser presidente da Association of Child and Adolescent Psychiatry of Canada (APCAPC).

Antes da súa chegada a Canadá, Fombonne foi investigador no Institute of Psychiatry, King’s College in London, en Reino Unido, onde tamén traballou no Hospital de Maudsley. Alí, el e os seus colegas foron acreditados ao demostrar que non hai evidencia epidemiolóxica dun lazo entre a vacina de MMR co autismo, como foi postulado por outros investigadores, tales como Andrew Wakefield. Un artigo do New Scientist cita a Fombonne dicindo “Tratar de ligar isto con MMR é unha completa parvada”.

Un dos estudos máis importantes realizados por Fombonne foi examinar a depresión, que ligou o abuso do alcohol a tendencias suicidas aumentadas en rapaces, utilizando os datos de 6.000 suxeitos.





Autismo e vacinas

Introdución

Ao longo dos últimos dez anos orixinouse unha polémica sobre o posible rol etiolóxico de certas vacinas na aparición do autismo en nenos e nenas. Esta polémica implica dúas hipóteses completamente separadas. A primeira postula a existencia dun aumento do risco de autismo despois da triple vacina «xarampón, parotidite, rubéola (XPR)»¹ e mais particularmente a propósito dos compoñentes do xarampón desta vacina. A segunda hipótese postula que os nenos, en razón do calendario de vacinación, se expoñen a cantidades excesivas de tiomersal, un produto que contén ao redor dun 50% de mercurio baixo a forma de etilmercurio e que se emprega dende 1930 para estabilizar os preparados das vacinas. Estas dúas hipóteses están separadas porque nunca houbo utilización de tiomersal na vacina XPR. O tiomersal emprégase na maior parte doutras vacinas como polio, difteria, tose ferina, gripe etc.

A hipótese XPR desenvolveuse en Inglaterra en 1998 e afectou sobre todo ao público e á vacinación de nenos dese país. En canto á hipótese do mercurio e do tiomersal desenvolveuse ao redor da mesma época en América do Norte, onde certas asociacións de familia e membros do público temen aínda que a presenza de mercurio nas vacinas poida explicar o número crecente de nenos diagnosticados con trastornos inhibidores do desenvolvemento (TID)².

A hipótese XPR


En 1998, o prestixioso xornal *The Lancet* publicou unha serie de 12 casos de nenos avaliados nun departamento de gastroenteroloxía nun hospital

Na McGill University, Fombonne consolidou o programa do Autism Spectrum Disorder en Montreal dende que estivo alí en 2001. Dirixe actualmente un programa de investigación do autismo dirixido a avaliar os factores ambientais de risco, como vacinas, e investigando os riscos xenéticos asociados coa posible herdanza do autismo. Tamén ten participado en estudos xenéticos moleculares da depresión clínica, e en estudos de resultado a longo prazo de nenos e depresión adolescente.

Atribúe a subida aparente en casos de autismo ao maior coñecemento da condición, e discute que os reclamos dunha “epidemia do autismo” non teñen fundamento. En 2001, dixo na BBC “Que as taxas en inspeccións recentes son substancialmente máis altas que hai 30 anos somentes reflexa a adopción dun concepto moito máis amplo de autismo, un recoñecemento do autismo entre suxeitos normalmente intelixentes e unha identificación mellorada das persoas con autismo”. Fombonne escribiu máis de 170 informes científicos e 35 capítulos de libros. Foi redactor asociado do *Journal of Autism and Developmental Disorders* de 1994 a 2003.

1. Esta vacina recibe diferentes denominacións, sendo unha das máis comúns, *vacina triple vírica*, en referencia aos tres virus que combate. Na tradución optamos por respectar a presentación do orixinal escrito en francés canadense que identifica a vacina mediante a sigla de cada un dos virus («rougeole, oreillons, rubéole» (ROR)), seguindo a tendencia anglosaxona MMR («*measles, mumps, rubella*») (N. do T).
2. O orixinal emprega “*troubles envahissants du développement (TED)*”, isto é, alteracións ou trastornos invasivos do desenvolvemento. Optamos por empregar o caracterizador *inhibidor* porque clarifica o proceso global que afecta ás persoas autistas: un bloqueo que inhibe, frea ou obstaculiza o desenvolvemento das súas capacidades nun momento esencial da formación da persoa como suxeito. (N. do T).





Éric Fombonne


de Londres (Wakefield *et al.*, 198)³. Wakefield, o autor principal, pensaba ter descrito unha nova síndrome que ligaba trastornos intestinais, unha perda das adquisicións anteriores e unha regresión do desenvolvemento⁴ que se asociaban ao xurdimento do autismo en nenos que recibiran a vacina XPR nas dúas semanas precedentes. Estes nenos presumíanse normais antes da regresión, polo menos baseándose nas testemuñas restropectivas de seus pais e nais. Ningunha investigación neurolóxica revelou signos de inflamación cerebral asociada a este cadro clínico. Unhas endoscopias dixestivas documentaron un cólico crónico e unha hiperplasia nodular linfoide, sendo cada un deses resultados lesións non específicas inflamatorias do tracto dixestivo. Nos anos que seguen, Wakefield modifica varias veces a súa hipótese, pero segue afirmando que o virus do xarampón contido na vacina XPR é o responsable tanto da aparición do autismo regresivo en nenos e nenas que, ata o momento da vacinación, manifestaran un desenvolvemento normal como dun conxunto de síntomas gastrointestinais asociados (Wakefield *et al.*, 2000). Wakefield afirmaba que, de forma contraria aos datos virolóxicos coñecidos sobre o xarampón e sobre a vacina contra o xarampón, o virus do xarampón persistía nos tecidos biolóxicos de nenos e nenas, aumentaba a permeabilidade intestinal a varias neurotoxinas que deste xeito superaban a barreira intestinal e a barreira hematoencefálica, conducindo de forma secundaria, e segundo un mecanismo descoñecido, a alteracións cerebrais responsables da síndrome autista. O investigador pensaba que a XPR era responsable dunha epidemia mundial de autismo (Wakefield, 1999). As hipóteses avanzadas por Wakefield foron avaliadas en diferentes estudos epidemiolóxicos e biolóxicos.

En primeiro lugar, a hipótese dunha verdadeira epidemia de autismo foi examinada en numerosas análises da literatura publicada sobre as taxas de

3. Pódese consultar información sobre a Sociedade Galega de Gastroenteroloxía no seguinte enderezo electrónico, <http://gastropediatriagalega.blogspot.com/>. (N. do T.).

4. O orixinal di “*régression développementale*”. Poderíamos caer na tentación de pensar que o autor quixo dicir “*développement*” (desenvolvemento), pero coidamos que se trata dun calco directo do termo inglés “*developmental*”, tamén escrito “*developmental*”. Por iso, consideraremos, a pesar da tradución ofrecida, que estamos ante un concepto que non representa un sinónimo estrito de “*développement*” (desenvolvemento) e que, por iso mesmo, merece esta nota aclaratoria. O termo “*developmental*” é coñecido por asociarse ás siglas PDD, **P**ervasive **D**evelopmental **D**isorders, que se empregou a partir de 1980 para definir a un determinado tipo de alteracións que, traducindo, dunha publicación norteamericana, se caracterizan por seren “deficiencias na interacción social, na actividade imaxinativa, nas habilidades comunicativas verbais e non verbais e un limitado número de feitos e actividades que tenden a ser repetitivas”. A clasificación criteriolóxica e de diagnóstico DSM-IV, na súa actualización de 1994, incluíu baixo a epígrafe PDD a 5 tipos de trastornos: 1) Autismo; 2) Síndrome de Ret; 3) “*Childhood Disintegrative Disorder*” (Trastorno Desintegrador da infancia); 4) Asperger; 5) PDDNOS (que é o Trastorno Xeralizado do Desenvolvemento Non Especificado ou distinto aos coñecidos). (Datos recollidos de NICHCY, *Pervasive Developmental Disorders*, Briefing Papers, 2003). (N. do T.).





Autismo e vacinas

prevalencia do autismo nos diferentes países e ao longo do tempo (Fombonne, 2003 & 2005).


As taxas de prevalencia dos TID estímense na actualidade entre 60 e 70 por cada 10 000 na maior parte dos estudos modernos (Fombonne, 2005), incluíndo Quebec (Fombonne *et al.*, 2006). Estas taxas son certamente máis elevadas que a taxa de entre 4 e 5 por cada 10 000 que, de maneira clásica, se establecía na década dos anos 60 e 70. Pero non podemos comparar directamente estes algarismos xa que os conceptos sobre os trastornos autistas do desenvolvemento e a súa operacionalización nos diferentes sistemas de criterios de diagnóstico cambiaron enormemente ao longo do tempo. Iso conduciu a unha ampliación do concepto de autismo que explica en gran parte o aumento das taxas.

Ademais, a mellor sensibilización dos profesionais e o desenvolvemento dos servizos na meirande parte dos países fan que, logo dos estudos epidemiolóxicos, a identificación de nenos que sofren TID mellorase con respecto ao pasado. Sucede tamén que as prácticas diagnósticas cambiaron e que nenos que se diagnosticaban no pasado con retraso mental ou outros diagnósticos son agora recoñecidos como persoas con afección do espectro autista (Fombonne, 2001; Croen *et al.* 2002; Gurney *et al.*, 2003; Jick and Kaye, 2003; Shattuck, 2006).

En segundo lugar, varios estudos examinaron a relación entre os cambios que tiveron lugar en certos países no calendario de vacinacións e as taxas de autismo diagnosticadas. Se existise unha relación entre a vacina XPR e o autismo, as taxas de prevalencia do autismo deberían aumentar cando a vacinación XPR se introduce nun país ou cando aumenta o seu uso, e viceversa. Taylor *et al.* (1999) e Chen *et al.* (2004) examinaron esta cuestión en Inglaterra, e non constataron unha evidencia de aumento masivo do risco de autismo logo da introdución masiva en 1988 da vacina XPR no Reino Unido. Ademais, o inicio dos trastornos autistas nos nenos non semellaba concentrarse de forma particular nos días ou semanas seguintes á vacinación XPR (Taylor *et al.* 1999). Outros estudos ecolóxicos amosaron que as taxas de autismo aumentaban mesmo cando a vacinación XPR diminuía (Fombonne *et al.* 2006), ou que as taxas aumentaban cando a cobertura vacinal do XPR se mantiña estable tanto en California (Dales *et al.* 2001) como no Reino Unido (Kaye *et al.* 2001).

En terceiro lugar, varios estudos examinaron historicamente a seguridade da vacinación XPR. En Finlandia, Patja *et al.* (2000) realizaron un seguemento de 1.800.000 de individuos despois da introdución en 1982 da vacina XPR neste país. A incidencia de complicacións serias debidas á vacina manifestouse moi baixa (3,2 por 10 000 vacinados), e implicaba unha reac-





Éric Fombonne


ción neurolóxica en só 77 nenos sen que o autismo fose xamais mencionado como unha das complicacións posibles.


En cuarto lugar, como Wakefield postulara con anterioridade que o virus do xarampón era tamén responsable do aumento das taxas de enfermidades inflamatorias do intestino e da enfermidade de Crohn en particular, era pois lexítimo pensar que, se o virus do xarampón se asociaba ao mesmo tempo á enfermidade de Crohn e ao autismo, se deberían observar máis enfermidades inflamatorias de intestino en nenos autistas.

Esta hipótese foi examinada en diferentes estudos e os datos acadados non permiten sostela. Por exemplo, examinamos dúas grandes series de nenos franceses e ingleses, comparados a grupos de control de nenos non autistas, e non atopamos un só caso de enfermidade inflamatoria do intestino nin documentamos un aumento da incidencia da enfermidade de Crohn nos nenos autistas (Fombonne, 1998). De feito, neste estudo, realizado sobre unha mostra elevada de nenos autistas, non se achou nos nenos autistas ningún caso de enfermidade de Crohn ou de enfermidade inflamatoria do intestino. As mesmas conclusións foron obtidas polo estudo de Black *et al.* (2002), que repousaba sobre unha base electrónica médica no Reino Unido.

En quinto lugar, comités internacionais examinaron con regularidade os incidentes que xurdiron despois das vacinas nos diversos sistemas de vixilancia existentes en distintos países. Unha síntese destas cuestións, publicada polo Instituto de Medicina (1994) (antes de que Wakefield avanzase estas hipóteses), non achega ningún caso de autismo en relación coa vacinación anti-xarampón ou XPR.

En sexto lugar, algúns estudos procuraron documentar a validez da nova síndrome de enterocolite autística postulada por Wakefield. Fombonne e Chakrabarti (2001), por exemplo, afirmaron, en base a unha comparación entre nenos expostos á vacinación XPR e grupos de control, que non se atopara ningunha diferenza na idade media da aparición dos primeiros signos achegados por pais e nais. Ademais, non se atopara ningunha asociación nestes estudos entre a regresión observada no desenvolvemento de certos nenos autistas e a incidencia de síntomas gastrointestinais. O estudo anteriormente citado, que se basea nunha mostra epidemiolóxica, non documentou ningunha proba sobre unha nova síndrome de enterocolite autística. Conclusións análogas foron achegadas por outros investigadores (Taylor *et al.* 2002). Por exemplo, un estudo de Dewilde *et al.* (2001), que empregou unha base electrónica de médicos de familia de Inglaterra, amosou que, comparados a nenos non autistas, os nenos con diagnóstico de autismo non consultaban con máis frecuencia o seu médico xusto despois da vacinación XPR, suxerindo pois





Autismo e vacinas

que a aparición de síntomas autistas non estaba ligada temporalmente coa vacinación.

Finalmente, dous estudos epidemiolóxicos controlados examinaron especificamente se a vacinación XPR aumentaba o risco de autismo en certos nenos. Nun primeiro estudo danés foron avaliados máis de 500 000 nenos nados entre 1991 e 1998 dende o seu primeiro cumpreanos ata a idade de 7 anos (Madsen *et al.*, 2002). Baseado nos rexistros nacionais de Dinamarca, o estudo permitiu examinar o risco de autismo no 82 % de nenos que foran vacinados co XPR a unha idade media de 17 meses, e no 18 % restante que non recibira a vacina. A incidencia do autismo á idade de 7 anos nos nenos vacinados non era diferente da observada nos nenos non vacinados.

Nun estudo caso de testemuñas levado a cabo en Inglaterra, 1 294 casos de TID foron comparados a un grupo de control de 4 469 nenos emparellados a un certo numero de factores importantes (Fombonne *et al.*, 2004; Smeeth *et al.*, 2004). Aquí, de novo, a frecuencia da exposición a vacina XPR no grupo autista non era máis elevada que na do grupo de control; era lixeiramente inferior.

Neste estudo, os autores realizaron igualmente unha metaanálise de estudos epidemiolóxicos publicados sobre esta cuestión que indicaban que, combinando os resultados cuantitativos de varios estudos diferentes, se acadaba un risco relativo común de 0,87 (intervalo de confianza 95 % de 0,76 a 1,01), que indica, de forma clara, a ausencia de asociación entre a exposición á vacinación XPR e o autismo. En consecuencia, o conxunto de investigacións epidemiolóxicas sobre esta cuestión, que proveñen de mostras e de países diferentes, e que empregan protocolos de estudo diferentes, converxen para subliñar a ausencia de aumento do risco de autismo en relación coa vacina XPR (Fombonne e Cook, 2003; Instituto de Medicina, 2004).

Os estudos biolóxicos sobre a posible ligazón entre a vacina XPR e o autismo foron realizadas principalmente polo grupo de Wakefield e os seus colaboradores. Por exemplo, Uhlmann *et al.* (2002) dixeron que identificaran partes do xenoma do virus do xarampón na parede intestinal do 80 % dos nenos do seu estudo que manifestaban trastornos inhibidores do desenvolvemento, en comparación co 10 % dos nenos do grupo de control. No ano 2006 varios laboratorios independentes intentaron reproducir os resultados destes estudos. Os mesmos son moi sensibles ao tipo de técnica empregada xa que existen posibilidades de contaminación das mostras nas análises en xenética molecular e ademais é difícil estar seguro da procedencia de partes do xenoma do virus do xarampón (procedente da vacina ou dunha infección natural). Dous recentes estudos independentes estableceron que os resultados d'Uhlmann *et al.* (2002) non se podían reproducir.



Éric Fombonne

Nun estudo realizado no Hospital para a Infancia de Montreal comparámos nenos autistas e controis pediátricos de maneira cega e amosamos que as técnicas empregadas por Uhlmann eran erróneas. Cando desenvolvimos sondas moleculares verdadeiramente específicas do virus do xarampón non atopamos evidencias da persistencia deste virus nos nenos autistas comparados cos controis (D'Souza, Fombonne, Ward, 2006). Conclusións análogas foron acadadas de forma independente por un laboratorio inglés (Afzal *et al.*, 2006).

A pesar de estudos contrarios e negativos, o medo que desencadeou a hipótese elaborada por Wakefield en 1998 tivo nefastas consecuencias no Reino Unido, onde as taxas de cobertura para a vacinación XPR baixaron perigosamente entre 1998 e 2005. Estas taxas son tan baixas que epidemias de xarampón comezaron a reaparecer no Reino Unido. En Irlanda, onde a situación era aínda peor, unha epidemia de xarampón matou tres nenos no ano 2000. O xarampón mata na actualidade a 530 000 persoas (esencialmente nenos) no mundo cada ano, segundo os datos facilitados pola OMS en 2004, e esta enfermidade pode ser controlada eficazmente coa vacinación.

A hipótese do tiomersal

O tiomersal empregouse dende 1930 como un estabilizador de preparados vacinais posto que impide a contaminación bacteriana e fúnxica. En 1998, a «Food and Drug Administration»⁵ reexaminou o calendario de vacinacións dos nenos e concluíu que a cantidade de mercurio que se lles administraba dende o nacemento ata a idade de 2 anos a través das vacinas excedía os niveis recomendados por varias axencias. En 1999, a Academia Americana de Pediatría recomendou retirar o tiomersal da produción de todas as vacinas nos Estados Unidos. A maior parte das vacinas son producidas sen tiomersal dende 2001. En Quebec, as vacinas que formaban parte do calendario obrigatorio realízanse dende 1996 sen tiomersal.

O mercurio é un tóxico que pode afectar o ril e o sistema nervioso no home. As intoxicacións con mercurio foron descritas na literatura dende fai dez decenas e certas polucións industriais conduciron a intoxicacións masivas como na Baía de Minamata en Xapón nos anos 50 ou en Iraq nos anos 70. As consecuencias dunha intoxicación por mercurio no humano son pois coñecidas. A maior parte destas intoxicacións implican unha forma de mercurio, o metilmercurio, que non é a mesma que a que se emprega nas vacinas, o etilmercurio. As consecuencias no home dun nivel excesivo de etilmercurio son menos coñecidas.

5. Coñecida como FDA, trátase da axencia do goberno norteamericano responsable da regulación en materia de alimentación e fármacos primordialmente. Para máis información, consúltese o seguinte enderezo electrónico: <http://www.fda.gov/>. (N. do T.)

Autismo e vacinas

Despois de que se formulara a hipótese do tiomersal en 1999, diversos estudos epidemiolóxicos examinaron a cuestión do risco do autismo no ser humano en relación coa cantidade de etilmercurio contida nas vacinas. O estudo conducido por Hviid *et al.* (2003) en Dinamarca comparou os nenos dinamarqueses que recibiran tiomersal a través das súas vacinas cos que non o recibiran. O estudo incluía 540 000 nenos e era xa que logo importante. Os riscos relativos nestes estudos foron non significativos (0,85), e reflectiron que, tanto para o autismo como para os TID, non había aumento do risco en relación aos diferentes niveis de exposición ao etilmercurio. Outro estudo controlado foi conducido no *Vaccine Safety Datalink* por Verstraeten *et al.* (2003) co apoio do *Center for Disease Control* (CDC)⁶. Unha mostra de 124 000 nenos foi avaliada en dous centros de saúde (HMO) ata a data dun diagnóstico de autismo ou o final do período de observación. Diagnosticáronse no estudo 202 nenos autistas. O risco de autismo non variaba en función do nivel de exposición ao mercurio.

En Dinamarca, Madsen *et al.* (2003) examinaron as tendencias históricas das taxas de autismo antes e despois de 1992, cando as vacinas en Dinamarca xa non contiñan tiomersal. As taxas de prevalencia foron calculadas para o período de 1971 ata 2000, e eran estables entre 1971 e 1990 e aumentaron con regularidade despois.

Como as taxas de autismo comezaron a aumentar antes de 1992 e seguiron aumentando á mesma velocidade, a conclusión do estudo foi que non había base para asociar o risco do autismo co tiomersal. Un estudo análogo foi realizado en Dinamarca e en Suecia por Stehr-Green *et al.* (2003) e amosou a mesma ausencia de correlación entre o tiomersal e o risco de autismo. En Quebec examinamos o ano pasado a prevalencia do autismo entre todos os nenos da comisión escolar Lester B. Pearson (ao redor de 28 000 nenos e nenas), nados entre 1987 e 1998. As taxas de autismo aumentaron con regularidade durante todo este período ao redor do 10 % por ano (Fombonne *et al.*, 2006).

Ao longo deste período as vacinas no Quebec variaron en canto ao contido de tiomersal e etilmercurio, o cal presentaba un nivel medio entre 1987 e 1991, un nivel elevado entre 1992 e 1995 e un nivel nulo despois en razón da combinación de 5 vacinas nun único preparado (este cambio non tiña ningunha relación coas inquietudes ligadas ao tiomersal, xa que a esta altura aínda non eran coñecidas). As análises amosan claramente que as taxas do autis-

6. Os CDC son os Centros para o Control e Prevención de Enfermidades e o *Vaccine Safety Datalink* (VSD) é un proxecto creado para os CDC dedicado ao estudo dos efectos secundarios das vacinas. A tal fin creouse unha base de datos que contén hoxe o rexistro de 7 millóns de estadounidenses, incluíndo a 500.000 nenos dende o nacemento ata os 6 anos. Para máis información, véxase: www.cdc.gov/vaccinesafety/vsd. (N.do T.)

mo seguen a aumentar de forma lineal e con regularidade durante todo este período, antes e mesmo despois da interrupción do emprego do tiomersal nas vacinas. De feito, as taxas de prevalencia do autismo nas cohortes de nacemento que non se viron expostas ao tiomersal na vacinación (nenos nados entre 1996 e 1998) eran máis elevadas que a taxa media de prevalencia nas cohortes expostas ao tiomersal nos anos precedentes. Outro estudo levado a cabo en Inglaterra (Andrews *et al.*, 2004) revelou igualmente que non hai ningunha asociación entre o risco de autismo e a cantidade de etilmercurio contida nas vacinas.


Algúns estudos levados a cabo por Geiger & Geiger (2003, 2004) reanlizaron os datos do CDC e de bases de datos californianas, pero estes estudos son metodoloxicamente incorrectos e foron rexeitados polo conxunto dos comités científicos que examinaron os resultados (Parker *et al.*, 2004; Instituto de Medicina, 2004).

No tocante ao eido biolóxico, dende hai algúns anos realízanse estudos para examinar a dinámica de etilmercurio nos tecidos biolóxicos do lactante despois da vacinación. Un estudo feito por Pichichero *et al.* (2002) indicou que a metade da vida do etilmercurio (tempo preciso para que sexa eliminado o 50% da dose) é de aproximadamente 7 días no lactante. Este estudo indica que o mercurio contido no tiomersal é excretado do corpo, e, xa que logo, en ningún momento nos dous primeiros anos de vida, cando as vacinas son aplicadas en intervalos de varias semanas, a dose acumulativa de mercurio podería superar as taxas recomendadas. Unha investigación levada a cabo en Hong Kong (2004) mediu tamén o mercurio presente nos tecidos biolóxicos dos nenos con TID e en grupos de control, e reflectiu que as taxas non eran estatisticamente diferentes. No Hospital de Montreal para a Infancia, coa axuda dunha subvención do FRSQ, completamos un estudo examinando 71 nenos con TID e un grupo de control de 76 nenos, recoñecidos nas clínicas pediátricas. Analizamos as taxas de mercurio no sangue, nos cabelos, e nas unllas dos nenos e nenas e das súas nais e non atopamos diferenzas entre os nenos autistas e o grupo de control, o que demostra, máis unha vez, que non hai conexión entre o autismo e unha síndrome de intoxicación por mercurio (Fombonne *et al.*, 2005).

Conclusión

Ningún estudo epidemiolóxico realizado de forma correcta confirma que o risco de autismo aumente nos nenos en función da dose de etilmercurio recibida nos dous primeiros anos de vida no contexto do calendario de vacinas. Por outra banda, hai que destacar que, dende hai moitos anos e en varios países, as vacinas dadas aos nenos non conteñen xa mercurio. Como sucede en Quebec dende 1996 para as vacinas comúns.

Os datos epidemiolóxicos actuais suxiren que, mesmo despois de que



Autismo e vacinas

este método de fabricación foi abandonado, as taxas de autismo non diminuíron e seguen ben estables, ben en aumento.

Diversos comités científicos internacionais examinaron periodicamente as dúas hipóteses, a do XPR e a do tiomersal.

Todos os comités en Inglaterra, a OMS ou un comité especial do Instituto de Medicina nos Estados Unidos (Instituto de Medicina, 2004) concluíron que estas hipóteses non teñen fundamento e que os datos epidemiolóxicos e biolóxicos non as sosteñen.

As implicacións para as familias son importantes xa que os pais dun neno autista non deberan crer que o autismo do seu fillo aparece a causa das vacinas. Os nenos deben continuar coas vacinas de forma regular, sexan nenos acabados de nacer, sexan os irmáns e irmás de nenos autistas, xa que non vacinalos exponos a un risco máis elevado de infeccións que, en certos casos, poden ter graves consecuencias sobre a saúde, e incluso ser letais. Certos tratamentos actualmente ofertados, tales como a quelación do mercurio por axentes quelantes, non teñen fundamento científico e poden ser igualmente perigosos⁷.

Bibliografía

- AFZAL, M.A., OZOEMENA, L.C. et al. (2006). Absence of detectable measles virus genome sequence in blood of autistic children who have had their MMR vaccination during the routine childhood immunization schedule of UK. *J Med Virol* 78 (5): 623-30.
- ANDREWS, N., et al. (2004). Thimerosal exposure in infants and developmental disorders: a retrospective cohort study in the United Kingdom does not support a causal association. *Pediatrics* 114 (3): 584-91.
- BLACK, C., KAYE, J.A., JICK, H. (2002). Relation of childhood gastrointestinal disorders to autism: nested case-control study using data from the UK General Practice Research Database. *Bmj - British Medical Journal*; 325 (7361): 419-421.
- CHEN, W., et al. (2004). No evidence for links between autism, MMR and measles virus. *Psychological Medicine*; 34 (3): 543-553.
- CROEN, L.A. (2002). The changing prevalence of autism in California. *Journal of Autism and Developmental Disorders*; 32 (3): 207-215


7. A quelación é un proceso químico que ten por función desintoxicar o corpo de metais tóxicos. Nel as moléculas colantes liganse aos metais tóxicos e secuésturanos antes de eliminalos. Os axentes quelantes máis habituais nos casos de desintoxicación do mercurio en nenos autistas son DMSA, DMPS e EDTA.



- D'SOUZA, Y., FOMBONNE, E., WARD, B. (2006). No Evidence of Persisting Measles Virus in Peripheral Blood Mononuclear Cells from Children with Autism Spectrum Disorder. *Pediatrics*, 118, 1664-1675.
- DALES, L., HAMMER, S.J., SMITH, N.J. (2001). Time trends in autism and MMR immunization coverage in California. *JAMA - Journal of the American Medical Association*; 285 (9): 1183-1185.
- DEWILDE, S., et al. (2001). Do children who become autistic consult more often after MMR vaccination? *British Journal of General Practice*; 51 (464): 226-227.
- FOMBONNE, E. (1998). Inflammatory bowel disease and autism. *Lancet*; 351 (9107): 955.
- FOMBONNE, E. (2001). Is there an epidemic of autism? *Pediatrics*; 107 (2): 411-413.
- FOMBONNE, E. (2003). Epidemiological surveys of autism and other pervasive developmental disorders: An update. *Journal of Autism and Developmental Disorders*; 33 (4): 365-382.
- FOMBONNE, E. (2005). Epidemiology of Autistic Disorder and Other Pervasive Developmental Disorders. *J Clin Psychiatry*, 66 (Suppl), 10: 3-8.
- FOMBONNE, E., CHAKRABARTI, S. (2001). No evidence for a new variant of measles-mumps-rubella-induced autism. *Pediatrics*; 108 (4): E58.
- FOMBONNE, E., COOK, E.H. (2003). MMR and autistic enterocolitis: consistent epidemiological failure to find an association. *Molecular Psychiatry*; 8 (2): 133-134.
- FOMBONNE, E., et al. (2004). Validation of the diagnosis of autism in general practitioner records. *BMC Public Health*, 4: 5.
- FOMBONNE, E., et al. (2005). Genetics, Environment, Nutrition Exploring Autism: The GENE-A study. *International Meeting for Autism Research (IMFAR)*, May 5-7.
- FOMBONNE, E., et al. (2006). Pervasive developmental disorders in Montréal, Québec: prevalence and links with immunizations. *Pediatrics*, 118: 139-150.
- GEIER, D.A., GEIER, M.R. (2003). An assessment of the impact of thimerosal on childhood neurodevelopmental disorders. *Pediatr Rehabil*; 6 (2): 97-102.
- GEIER, M., GEIER, D. (2004). A comparative evaluation of the effects of MMR immunization and mercury doses from thimerosal-containing childhood. *Pediatrics*; 114 (3): 584-91.
- GURNEY, J.G., et al. (2003). Analysis of prevalence trends of autism spectrum disorder in Minnesota [comment]. *Archives of Pediatrics & Adolescent Medicine*; 157 (7): 622-627.



Autismo e vacinas





- HVIID, A., et al. (2003). Association between thimerosal-containing vaccine and autism. *JAMA - Journal of the American Medical Association*; 290 (13): 1763-1766.
- JICK, H., KAYE, J.A. (2003). Epidemiology and possible causes of autism. *Pharmacotherapy*; 23 (12): 1524-1530.
- INSTITUTE OF MEDICINE (IOM) (1994). *Adverse Events Associated with Childhood Vaccines: Evidence Bearing on Causality*. Washington, DC: National Academies Press.
- INSTITUTE OF MEDICINE (IOM) (2004). *Immunization safety review: Vaccines and Autism*. Washington, DC., National Academies Press.
- IP, P., et al. (2004). Mercury exposure in children with autistic spectrum disorder: case-control study. *J Child Neurol* 19 (6): 431-434.
- KAYE, J.A., MELERO-MONTES, M.D., JICK, H. (2001). Mumps, measles, and rubella vaccine and the incidence of autism recorded by general practitioners: a time trend analysis. *BMJ - British Medical Journal*; 322 (7284): 460-463.
- MADSEN, K.M., et al. (2002). A population-based study of measles, mumps, and rubella vaccination and autism. *New England Journal of Medicine*; 347 (19): 1477-1482.
- MADSEN, K.M., et al. (2003). Thimerosal and the occurrence of autism: negative ecological evidence from Danish population-based data. *Pediatrics*; 112 (3Pt 1): 604-606.
- PATJA, A., et al. (2000). Serious adverse events after measles-mumps-rubella vaccination during a fourteen-year prospective follow-up. *Pediatr Infect Dis J*; 19 (12): 1127-1134.
- SMEETH, L., et al. (2004). MMR vaccination and pervasive developmental disorders: a case-control study. *Lancet*, 364; 963-969.
- STEHR-GREEN, P., et al. (2003). Autism and thimerosal-containing vaccines: Lack of consistent evidence for an association. *American Journal of Preventive Medicine*; 25 (2): 101-106.
- PARKER, S.K., et al. (2004). Thimerosal-containing vaccines and autistic spectrum disorder: a critical review of published original data. *Pediatrics*; 114 (3): 793-804.
- PICHICHERO, M.E., et al. (2002). Mercury concentrations and metabolism in infants receiving vaccines containing thiomersal: a descriptive study. *Lancet*; 360 (9347): 1737-1741.
- SHATTUCK, P.T. (2006). Diagnostic substitution and changing autism prevalence. *Pediatrics*; 117 (4): 1438-1439.
- TAYLOR, B., et al. (1999). Autism and measles, mumps, and rubella vaccine: no epidemiological evidence for a causal association. *Lancet*; 353 (9169): 2026-2029.



Éric Fombonne

- TAYLOR, B., et al. (2002). Measles, mumps, and rubella vaccination and bowel problems or developmental regression in children with autism: Population study. *BMJ - British Medical Journal*; 324 (7334): 393-396.
- UHLMANN, V., et al. (2002). Potential viral pathogenic mechanism for new variant inflammatory bowel disease. *Journal of Clinical Pathology-Molecular Pathology*; 55 (2): 84-90.
- VERSTRAETEN, T., et al. (2003). Safety of thimerosal-containing vaccines: a two-phased study of computerized health maintenance organization databases. *Pediatrics*; 112 (5): 1039-1048.
- WAKEFIELD, A.J., et al. (1998). Ileal-lymphoid-nodular hyperplasia, non-specific colitis, and pervasive developmental disorder in children. *Lancet*; 351 (9103): 637-641.
- WAKEFIELD, A.J. (1999). MMR vaccination and autism. *Lancet*; 354 (9182): 949-950.
- WAKEFIELD, A.J., et al. (2000). Enterocolitis in children with developmental disorders. *American Journal of Gastroenterology*; 95 (9): 2285-2295.







AUTISMO Y VACUNAS

ÉRIC FOMBONNE*

Cátedra de Investigación de Canadá en Pedopsiquiatría

RESUMEN

Este artículo trata de aclarar el posible rol etiológico de ciertas vacunas en la aparición del autismo. El autor parte de dos hipótesis completamente separadas. La primera postula la existencia de un aumento del riesgo de autismo después de la triple vacuna “sarampión, parotiditis y rubéola”. La segunda hipótesis postula que los niños, en razón del calendario de vacunaciones, se exponen a cantidades excesivas de “tiomersal”, un producto que contiene alrededor de un 50% de mercurio bajo la forma de etilmercurio y que se emplea para estabilizar los preparados de las vacunas desde 1930.

* El autor es profesor de psiquiatría y epidemiólogo. Dirige la división de psiquiatría infantil en la McGill University en Canadá y el departamento de psiquiatría en el Montreal Children’s Hospital, donde fue clave en materia de autismo. Es miembro de la Canada Research en psiquiatría infantil. Su investigación se centra en las investigaciones epidemiológicas de la niñez, la enfermedad mental y los factores relacionados de riesgo, así como en la epidemiología de autismo.


Fombonne es miembro permanente del National Institute of Mental Health (NIMH) y ha sido designado al National Institute of Health (NIH) en la junta consultiva para programas de investigación de autismo. En octubre de 2002 llegó a ser el presidente de la Association of Child and Adolescent Psychiatry of Canada (APCAPC).

Antes de su llegada a Canadá, Fombonne fue investigador en el Institute of Psychiatry, King’s College in London, en Reino Unido, donde también trabajó en el Hospital de Maudsley. Allí, él y sus colegas fueron acreditados al demostrar que no hay evidencia epidemiológica de un lazo entre la vacuna de MMR con el autismo, como fue postulado por otros investigadores, tales como Andrew Wakefield. Un artículo del New Scientist cita a Fombonne diciendo “Tratar de ligar esto con MMR es una completa tontería”.

Uno de los estudios más importantes realizados por Fombonne fue examinar la depresión, que ligó el abuso del alcohol a tendencias suicidas aumentadas en chicos, utilizando los datos de 6.000 sujetos.

En la McGill University, Fombonne ha consolidado el programa del Autism Spectrum Disorder





Autismo y vacunas

Introducción

